

6. ESPAZO XUVENIL DO CASTRO “Súbete ao Castro”

Espazo xuvenil e punto de encontro no que atoparedes as novas tecnoloxías ao voso alcance, internet, chat, conexión wifi, bluetooth e xogos en rede, ademais dunha formación básica en temas de informática, páxinas web e tratamento de imaxes. Abertos ás vosas suxestións propómosvos obradoiros, actividades musicais, cursos, concertos, etc.

6.1. Servizos

- Servizo de internet, chat e xogos
- Revistas xuvenís e comiteca
- Xogos: dardos, xadrez, tenis de mesa, xogos de mesa
- Punto de Información xuvenil
- Obradoiros
- Actividades musicais
- Cursos informática
- Actividades ao aire libre
- Punto de Información Software libre

6.2. Compromisos cos usuarios e usuarias

- **Equipos informáticos:** poñemos á vosa disposición equipos informáticos de xeito gratuíto para que poidades acceder á información a través de internet. Tamén podedes chatear e/ou practicar algúns xogos. Para todo isto dispondes de quendas de 45 minutos.
- **Asesoramento:** facilitámosvos o asesoramento básico a propósito do uso do servizo informático para que vos sexa máis doado.
- **Espazo de lectura:** contamos cun espazo para que poidades gozar cos vosos cómics e revistas favoritas. Mensualmente renovamos o material dispoñible.
- **Información:** aquí poderedes atopar información actualizada sobre diversas actividades de carácter xuvenil que se están a realizar en Vigo.
- **Páxina web:** nela podedes consultar a programación mensual, ver fotos de distintas actividades, información de carácter xuvenil.
- **Outras actividades:** no Espazo Xove do Castro tamén poderás gozar doutras moitas actividades que varían mes a mes, coma obradoiros, música, cursiños, deportes.
- **Publicidade:** mensualmente elaboramos unha nova programación que facemos chegar a distintos puntos da cidade onde se concentra xente moza.

6.3. O que esperamos dos usuarios e usuarias

- Responsabilidade e bo uso das instalacións e do material.
- Inscribídevos previamente nas actividades para que se poidan organizar mellor.
- Participación activa nas actividades.
- Se detectades algún erro nos equipos fáinolo saber. Solucionarémolo o antes posible.

- Respectade os horarios e quendas establecidas; os demais tamén queren participar.
- Fainos as suxestións que creas oportunas para mellorar o servizo.

6.4. Como acceder

- O local do programa “Súbete ao Castro” está aberto durante todo o ano, de luns a sábado. Dependendo da temporada (verán-inverno) o horario modifícase.
- Para poder realizar calquera das actividades só tendes que pasarvos por aquí e anotarvos. Algunhas das actividades requiren dunha inscrición previa con certo tempo de antelación para poder programalas mellor.
- Para máis información:
 - Espazo Xove do Castro
Monte do Castro (fronte á pista de bicis)
 - Páxina web: www.xuventudevigo.org
 - Teléfono: 986 485 541
 - Correo electrónico: cibercastro@xuventudevigo.org

6.5. Indicadores de funcionamento

- Nº total de participantes cada mes
- Nº de usuari@s dos equipos informáticos
- Porcentaxe de usuari@s que demandan asesoramento informático
- Nº de usuari@s do espazo de lectura
- Nº de usuari@s doutras actividades
- Nº de exemplares de publicidade distribuídos coa programación mensual
- Nº de lugares onde se distribúe a publicidade
- Nº de demandas presenciais de información
- Porcentaxe de demandas presenciais atendidas no momento
- Nº de demandas telefónicas para información
- Porcentaxe de demandas telefónicas atendidas no momento
- Nº de demandas de información por correo electrónico recibidas
- Porcentaxe de demandas por correo electrónico atendidas antes de tres días
- Valoración d@s propi@s usuari@s das actividades